Incluso, el Consejo de Estado en este informe, admite esta posibilidad en base a razones presupuestarias, que pueden convertir en inviable la posibilidad de configurar de nuevo la prestación sin ampliar paralelamente el plazo contractual. Y ello por que el presupuesto es especialmente rígido para las administraciones locales, especialmente en cuanto al régimen de sus recursos tributarios. Al venir delimitadas por la ley las fuentes principales de recursos propios de los entes locales, y que buena parte de sus ingresos se encuentran comprometidos de antemano, para cumplir las competencias que tales administraciones tienen atribuidas por ley, el Consejo de Estado manifiesta que “no es descartable que, en casos como el presente, la administración titular tuviera que acudir al crédito. Aparte de que, con cierta frecuencia, la capacidad de apelar al crédito por parte de aquellas administraciones es limitada (tanto por exigencias legales como por disponibilidad de prestamistas), el destino indirecto, aunque real, del crédito es la financiación de bienes de capital a relativamente largo plazo implica en la modalidad de modificar sólo el objeto del contrato considerado, impidiéndose, de este modo, desplazar al contratista, como es usual, el coste de disponer del capital considerado necesario”.

Non se producen outras intervencións, e se procede a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por maioría de oito votos a favor (PS de G-PSOE), dous en contra (BNG e IU-EU) e sete abstencións (PP), acorda aprobar a proposta da Alcaldía que, figura na Orde do Día e que na parte dispositiva, textualmente, dí:

1.- Aquagest, S. A. atendiendo a la necesidad creada, propone la ejecución de obras por importe de NOVECIENTOS SESENTA MIL EUROS P.E.C. (960.000 euros). P.E.C. IVA añadido, conforme al artículo 6.3 del Prego de Condiciones. Entre las obras a ejecutar, total o parcialmente, citamos las siguientes:

- Dotación de saneamiento y pozos de bombeo en el lugar de Granxas, Lavandeira y Ameixoa, en la parroquia de Vieiro.
- Dotación de saneamiento y pozos de bombeo en el lugar de A Feira, en la parroquia de Galdo.
- Dotación de saneamiento y pozos de bombeo, desde el barrio de Landrove hasta Chavín, incluyendo ramal por la parroquia de Naseiro hasta el hotel Val do Naseiro.
- Reposición de los servicios de agua, saneamiento y pluviales en la Avda. de Cantarrana., incluyendo la 2ª fase de reposición de aceras y dotación de alumbrado público. Aliviadero del río Cantarrana frente al restaurante La Paz.
- Mejora de las redes de abastecimiento en Area.
- Sustitución tuberías de agua en la Praza Maior-María Sarmiento.
- Sustitución tuberías de agua en la Avda. de Cervantes.

2.- Que AQUAGEST, S. A. acometerá a su costa el volumen de obras de mejora, ampliación y renovación a realizar (960.000 euros PEC, IVA añadido), previa



redacción de los correspondientes proyectos o memorias valoradas y posterior aprobación por el Ayuntamiento. En este sentido, para que Aquagest, S. A. pueda recuperar el importe de las obras de mejora, y se mantenga de esta manera el equilibrio económico de la concesión, el Ayuntamiento de Viveiro ampliará el plazo de concesión de explotación del servicio municipal de agua potable y saneamiento hasta el día 1 de julio de 2033.

3.- Que la ampliación del plazo concesional lleva aparejada la ampliación del plazo previsto inicialmente para el uso, tanto de las instalaciones demaniales afectas actualmente al mismo, como de las que resulten de las nuevas inversiones a realizar, por motivo de la modificación contractual acordada. Por todo ello, y considerando, también, la sustitución de tres operarios municipales, Aquagest, S. A. aportará además.

- CIENTO OCHENTA MIL EUROS (180.000 EUROS), en concepto de canon que hará efectivo del siguiente modo:
  - 60.000 Euros en la primera quincena del mes de marzo de 2008.
  - 60.000 Euros en la primera quincena del mes de marzo de 2009.
  - 60.000 Euros en la primera quincena del mes de marzo de 2010.

4.- Que en la medida de lo posible, y teniendo en cuenta la capacidad financiera municipal, se tramitará un reconocimiento extrajudicial de las deudas actuales, que aprobará el Pleno, lo antes posible.

5.- Que las tarifas a aplicar a los consumos de los abonados serán las actuales, teniendo que incrementarse anualmente conforme al IPC interanual a septiembre publicado por el I.N.E.”

Dar traslado do presente acordo ao Administrativo de administración xeral encargado de contratación, así como á empresa “Aquagest, S. A. e ao departamento de Intervención municipal.

## **2º.- PROPOSTA RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIVEIRO E SOGASERSO.**

Polo Sr. Alcalde se expón que o motivo de traer este asunto novamente ao Pleno é un error que figura nos metros edificables da parela.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

A do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que dí que o que se pretende coa aprobación dese Convenio é unha dotación que xa desexaba o PP e aínda que teñan que incluíu noutra sesión do Pleno, para a aprobación definitiva e segregación, atópanse de acordo co asunto.

Os Concelleiros deo BNG, D. José Antonio Goás Basanta e de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que dín que se atopan de acordo.

Antes de que se proceda a efectuar a votación, o Sr. Alcalde sinala que xa se fixeron sondaxes e pelotaxes para iniciar as obras, á maior brevidade, e que o informe de Intervención plantexa problemas sobre as vías e urbanización, polo que se refire á



financiación, aínda que lembra, como a Corporación coñece, xa se atopan feitas case na totalidade.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezaseste), acorda :

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o concello de Viveiro e SOGASERSO que, textualmente, dí:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIVEIRO E SOGASERSO PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN EQUIPAMENTO XERIÁTRICO EN TERREOS CEDIDOS POLO CONCELLO.**

Na Casa Consistorial de Viveiro, a nove de abril do dous mil oito.

#### REUNIDOS

Dunha parte, Don Melchor Roel Rivas, Alcalde-presidente do Concello de Viveiro, facultado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria, celebrada o 27 de marzo do 2008.

Doutra Don Andrés Mazaira Castro, Director Xeral de SOGASERSO, S. A. con DNI N°: :34.962.470-D.

Da fé a Secretaria do Concello, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez, de que o texto deste Convenio aprobouse, por unanimidade, na sesión ordinaria do Pleno corporativo celebrada o día 27 de marzo do 2008.

#### INTERVEÑEN

Don Melchor Roel Rivas, en nome e representación do Concello de Viveiro, na súa condición de Alcalde-presidente do mesmo.

Don Don Andrés Mazaira Castro, en representación de SOGASERSO, S. A.

Ambas partes, na condición na que interveñen, recoñecense mútua capacidade para formalizar este Convenio.

D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez, Secretaria Xeral do Concello.

#### EXPOÑEN

I.- O Concello de Viveiro, en sesión plenaria celebrada o día .18 de xaneiro do 2008, adoptou, por unanimidade, o acordo de ceder a Sogaserso uns terreos de



titularidade municipal situados na Misericordia, cuxas condicións de ordenación urbanística se determinan no exponendo III, coa finalidade de que pola entidade cesionaria se promovan as actuacións necesarias para a construción e explotación dun Equipamento Xeriátrico.

Con este acordo o Concello de Viveiro pretende dotar ao Municipio dun equipamento de maior trascendencia social, coa finalidade de responder a demanda existente de atención aos nosos maiores que manifesta de maneira crecente un importante sector da poboación. Neste sentido é necesario constatar que este sector poboacional, con preocupante frecuencia, sofre graves carencias de atención básica. En particular, no que fai referencia ao Municipio de Viveiro, preténdese lograr que os vecinos maiores interesados poidan ter a posibilidade de dispoñer deste servizo no propio termo municipal sen necesidade de desprazarse do mesmo.

Valorando a trascendencia deste equipamento, resulta evidente o beneficio directo que representa para os veciños, ao que habería que engadir o que comporta, co centro a pleno rendemento, a creación de entre setenta (70) e oitenta (80) postos de traballo directos que beneficiarían especialmente a veciños do municipio e a colectivos con dificultades para a inserción laboral como é o da muller e os minusválidos.

II. Pola súa parte Sogaserse que comparte o plantexamento que se pon demanifesto no expositivo anterior, ten a pretensión de intensificar a súa actividade de atención ás persoas maiores e, por isto, asume a colaboración co Concello de Viveiro para a creación dun equipamento xeriátrico nesta localidade, mediante o cal se garante unha adecuada asistencia ás persoas usuarias do mesmo, incorporando técnicas de xestión especializadas que permitan asegurar o maior grao de eficacia nesta complexa actividade, o que sen dúbida, contribuirá a elevar a calidade de vida dos cidadán de Viveiro.

A estes efectos, faise constar que todos os socios de Sogaserse carecen de finalidade lucrativa.

III. Tendo en conta o anteriormente sinalado, resulta evidente o interese de establecer fórmulas de colaboración entre o concello de Viveiro e Sogaserse co reto de achegar capacidade de xestión e unificar recursos para afrontar o importante reto de mellorar a calidade de vida das persoas maiores. Polo tanto, e resultando coincidentes os intereses de ambas as dúas partes, acordado suscribir este Convenio de colaboración, que ten como finalidade específica concretar os compromisos que asume Sogaserse como consecuencia do acordo de cesión, referido á parcela de propiedade municipal para a construción dun equipamento xeriátrico. A estes efectos faise constar que as condicións de ordenación urbanística determinantes son as seguintes:

Edificabilidade	15.236 m2.
Uso	Equipamento xeriátrico
Ocupación máxima	50% da parcela (7.618 m.)
Número de plantas	4 (Baixo +3)
Superficie	15.236 m2.



O Convenio rexeráse polas seguintes

## ESTIPULACIÓNS

### Primeira.- Construcción e explotación do Equipamento Xeriátrico.

Por razón das cesión aquí convida a favor de Sogaserse, esta comprométese a financiar a construción e garantir a explotación do equipamento xeriátrico mencionado, coas seguintes características básicas relativas á totalidade das fases da súa execución:

O Equipamento Xeriátrico terá unha capacidade de entorno a cento cincuenta (150) prazas residenciais e aproximadamente cincuenta (50) de centro de día.

Aos efectos da promoción, construción e explotación do Centro Xeriátrico autorízase expresamente a Sogaserse a utilización de instrumentos e modalidades de acción que permitan garantir a súa maior calidade e eficiencia, así como o seu mantemento e funcionamento durante o prazo mínimo de trinta (30) anos referido na estipulación seguinte.

### Segunda.- Compromisos que asume Sogaserse.

Sogaserse asume os seguintes compromisos, que realizará directamente ou mediante instrumentos e modalidades previstos na estipulación precedente:

- 1.- Facerse cargo dos gastos que orixine a transmisión da parcela.
- 2.- Presentar os proxectos necesarios para obter as licenzas municipais e autorizacións que procedan, no prazo de tres (3) meses, contados a partir da data de outorgamento da escritura de cesión gratuita da parcela.
- 3.- Finalizar a execución das obras e solicitar a licenza de primeira utilización do inmovible e demais autorizacións que resulten necesarias, no prazo máximo de trinta e seis (36) meses, contados a partir da notificación de outorgamento das licenzas preceptivas.
- 4.- A manter en funcionamento o Equipamento Xeriátrico durante o prazo mínimo de trinta (30) anos. Isto, non obstante, se antes de cumprirse este prazo se presentasen circunstancias que modificasen substancialmente o plantexamento deste Convenio ou provocasen dificultades na explotación do Equipamento Xeriátrico, poderase, de mutuo acordo co Concello de Viveiro, cambiar a natureza da actividade, sempre que se afecte a fins de interese social durante o referido prazo mínimo de trinta (30) anos.



5.- A que se manteña a ausencia de finalidade lucrativa dos seus socios. Na actualidade o capital social da mencionada Sociedade, tal e como se recolle na súa Escritura de constitución, está constituído da forma seguinte:

Comunidade Autónoma de Galicia ..... 45% do Capital Social.

Fondo Social Caixa Galicia ..... 27,5% do Capital Social.

Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra ..... 27.5% do Capital Social..

Terceira.- Compromiso que asume o Concello de Viveiro.

1.- A exonerar a Sogaserso na construción, promoción ou explotación do Equipamento Xeriátrico, co 95% do importe das taxas, impostos ou gravames que soporten a construción, a acometida de subministro de auga e saneamento e o inmovible edificado.

2.- A realizar as obras de urbanización da parcela que se cede e as de saneamento e abastecemento.

En proba de conformidade co estipulado, as partes suscriben o presente documento, en triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados, do que eu, Secretaria, dou fe.”

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo a SOGASERSO e aos departamentos municipais de: Intervención, Obras e Urbanismo, Inventario de Bens e Servizos Sociais.

**ASUNTOS URXENTES.**

Polo Sr. Alcalde, antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, de conformidade co disposto no artigo 91.4, do R.O.F, maniféstase a súa intención de someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, uns asuntos que non figuran na Orde do día da Sesión, motivado na premura do informe da licenza de obras a outorgar, así como na participación da Concelleira de Servizos Sociais

“1º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN, POR INTERESE SOCIAL, DO 90% DO ICIO DA OBRA “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍA EXTERIOR EN CASA DE FAMILIA INMACULADA NIÑA.

2º.- NOMEAMENTO DA TENENTE DE ALCALDE, Dª. MARÍA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, NO CONSORCIO DE SERVICIOS SOCIAIS DE GALICIA, EN SUBSTITUCIÓN DE D. FRANCISCO LUIS RODRÍGUEZ GUERREIRO.



O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda a inclusión na Orde do día dos ditos asuntos.

**1º) - PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN, POR INTERESE SOCIAL, DO 95% DO ICIO DA OBRA “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍA EXTERIOR EN CASA DE FAMILIA INMACULADA NIÑA”.**

Polo SR. Alcalde dáse lectura da proposta, indicando que como os Concelleiros coñecen, as actividades desa entidade son de interese social.

Aberta a quenda do PP, prodúcese a do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que dí que todos estarían de acordo en bonificarlle o 100 por 100 das cantidades e non ter que recorrer á subvención, pero, como dí o informe de Intervención, é por unha cuestión legal.

A seguir, procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta da Alcaldía que, textualmente, dí:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

D. MELCHOR ROEL RIVAS, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Viveiro, propón ao Pleno da Corporación Municipal que se considere a obra que a continuación se describe como de interese social, co obxecto de aplicarlle a correspondente bonificación na liquidación das taxas municipais.

**OBRA:** PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE REFORMA INTERIOR EN CASA DE FAMILIA INMACULADA NIÑA.

**PROMOTOR:** Casa de Familia Inmaculada Niña.

**SITUACIÓN:** C/ Vicente Cociña, nº 1-1º-A, Viveiro (Lugo).

**ARQUITECTO:** Patricia Vázquez Mille – COAG 2.553.- Rúa Pardo Bazán 12 Local 3 Burela (Lugo).

**DATA:** Febreiro 2008”

SEGUNDO.- Bonificar na licencia de obras do proxecto indicado á entidade citada o 95% do ICIO e subvencionar o 5% restante, así como as taxas pola concesión da dita licencia.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo a entidades Casa de Familia Inmaculada Niña, aos departamentos de Intervención e Obras e Urbanismo.

**2º.) NOMEAMENTO DA TENENTE DE ALCALDE, Dª. MARÍA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, NO CONSORCIO DE SERVICIOS SOCIAIS DE GALICIA, EN SUBSTITUCIÓN DE D. FRANCISCO LUIS RODRÍGUEZ GUERREIRO.**





Polo Sr. Alcalde indícase que non se substituíu, no seu día, a D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, cando se deu conta dos nomeamentos e delegacións a un membro deste Concello no Consorcio de Servicios Socialis, polo que advertida esta omisión se subsana con esta proposta cara a que a Tenente de Alcalde D<sup>a</sup>. María Isabel Rodríguez López, participe na próxima reunión do Consorcio de Servicios Sociais de Galicia

Dar traslado do presente acordo á Tenente de Alcalde, D<sup>a</sup>. María Isabel Rodríguez López, así como ao departamento de Servicios Sociais.

### **3º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

Polo Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, fórmulanse os seguintes rogos e preguntas, indicando que ten interese en que se conteste a unhas determinadas preguntas e que o resto, poden ser contestadas noutra sesión.

1.- Despois do cambio de destino, do antigo empregado do porto deportivo de Viveiro, a petición propia, substituído por outro de nova contratación, actualmente ¿quen sube e baixa as embarcacións con travel? E ¿en que concurso se sacou a praza dese novo empregado? ¿por que non se negociou o canon con Portos de Galicia no seu día cando se aumentou o mesmo dende os 43.000 anteriores aos 106.000 €actuais?.

2.- Preguntámoslle ao goberno municipal ¿de quen son as gradas que estiveron colocadas na Praza Maior durante as festas de verán e que foron retiradas da mesma dous meses despois? ¿son compradas ou alugadas? Si foron compradas ¿cando foi o desembolso económico? ¿están pagadas ou non?.

3.- Na zona do pavillón municipal de Viveiro os aparcamentos están cheos de baches e as beirarrúas desfeitas, ademais na mesma zona o firme da estrada o redor da rotonda e ata o camping está tamén na mesma situación de abandono ¿ten pensado o goberno municipal arranxar e adecentar ditas zonas?.

4.- ¿Ten coñecemento o equipo de goberno do vandalismo na zona do polideportivo con rotura de cristais no IES MARÍA SARMIENTO nos fins de semana e que neste último houbo unha desfeita do teito, debaixo das gradas, no novo campo de fútbol? ¿Ten pensado facer algo ao respecto o Goberno Municipal?.

O Sr. Alcalde dí que o responsable desa situación, atópase en busca e captura.

5.- Na campaña electoral das pasadas eleccións municipais o Partido Popular denunciámos o mal estado dalgunhas zonas como: Rúa Misericordia, 37 e 37B, Edificio “Beiramar”: portais 2 e 3, Avda Vilalba, O Lodeiro ... este último por certo habitado por un gran número de cidadáns e concorrido por moitos que acuden ao Centro de Saude ou aos establecementos de servizos ou ocio que se atopan nesa zona. Seguen a existir grandes socabóns, así como a falta de alumeadado público e tamén existe un poste de formigón no medio da rúa ¿ten pensado o Sr. Alcalde arranxar esta zona?. É de recordar a última denuncia feita por unha persoa que caeu nesa zona.



6.- No barrio do Pontigo, Galdo, hai un lavadoiro público á beira do río e que está en estado de ruina ¿pénsase adecentar dende o goberno municipal esa zona?.

7.- No último Pleno o Sr. Alcalde afirmou, e está recollido en acta, que A Pomba está totalmente pagada. Nos temos constancia que aínda teñen pendiente de pago unha parte ¿Cómo é que vostede afirma que está todo pagado? ¿Canto é o que realmente queda pendiente? ¿Cando ten pensado proceder ao pago?.

8.- ¿Cal é a situación actual da Casa do Forno de Celeiro (Centro Sociocultural “Carlos Adrán”)? ¿Para cando se pensa facer a 3ª fase e rematar toda a obra, que leva parada dende hai moito tempo?.

O Sr. Alcalde resposta que nestes momentos para finalizar a obra se consigna nos orzamentos para o 2008 o importe necesario, segundo o informe do arquitecto D. Santiago Meitín Míguez.

9.- A Rúa Grande, en Celeiro e a estrada ao Cemiterio de Celeiro están nun estado lamentable respecto do firme, falta papeleiras e limpeza de reixas que atravesan a rúa para a recollida de augas, así como tamén na zona dos Tendais e subida á Talaya. Existen inmobles que teñen as lousas do tellado a piques de caer. ¿Ten pensado o Goberno Local actuar sobre isto? ¿Cando?.

10.- A Escola de Fútbol de Viveiro ten pendente de cobro 4.0000 € dunha subvención do 2007. En xuño deste ano solicitaron un anticipo e ata a data non cobraron nada ¿Cando se procederá ao pag?.

11.- Observamos que na finca de Magazos adquirida por “Vialmar” anúnciase Nova Construcción ¿En que situación se atopa o edificio de nova construcción “Vialmar”? ¿Ten licenza para construír? ¿Está resolto o contencioso?.

Polo Sr. Alcalde se contesta que non hai licenza concedida e, por tanto, dará as ordes oportunas para requirir a retirada do cartel.

12.- Nas rúas Almirante Chicarro números: 1 e 2 e 10 de marzo, había instalados faroles tipo “Villa” de alumeadado público como os que hai agora no casco, que por motivos de reparación das vivendas se retiraron e aínda hoxe non se volveron a colocar ¿Pensa o goberno local colocalos? ¿Cando?.

Respóstate, polo Sr. Alcalde, que había un problema coa fachada dos edificios que non permitía que se colocaran, extremo que ratifica o Concelleiro do PP, D. Celestino García Paz.

13.- ¿Que medidas de seguridade ten o Porto Deportivo para evitar que sexa posible que un coche se precipite ao mar?.



O Sr. Alcalde contesta que non se tomaron medidas, pero que se invitou a estacionar durante a festividade da Semana Santa para paliar a falta de aparcadoiros.

14.- ¿Cando se van a poñer en marcha os saneamentos? ¿Cando se solucionará o tema das conserveiras ?.

O Sr. Alcalde dí que teñen unha reclamación xudicial dun veciño de Area, pero que o resto estase a solucionar e sinala que se van a conectar, aínda que en Galdo van a ter problemas por un poste de BEGASA.

15.- ¿Pódese garantir que o acometido no parque “Pernas Peón” foi provocado por unhas “Jinetas”? ¿Tiña o Seprona coñecemento do estado do estanque?.

16.- Segundo nos indicaron da Entidade deportiva Puerto de Celeiro FS, dende o goberno municipal comprometéranse a realizar varias obras de mellora no pavillón polideportivo de Celeiro tales como banquetes, gradas, vestiarios, limpeza, focos de iluminación e tapar goteiras (estas dúas últimas xa están feitas) ¿Para cando está previsto que se realicen estas melloras se é que se van a realizar?.

17.- Enriba no depósito de auga de térceras en Celeiro, que pertence ao Grupo de Portos, hai maleza e árbores dende hai tempo. Isto xera unha sensación de abandono total ROGAMOS que dende o Concello se lle solicite a Portos a pertinente autorización para poder limpar a zona e adecentar o entorno no que se atopa a fonte á que acuden todos os días moitas persoas.

18.- Na praia de Covas, na zona de Granxas, fíxose recentemente a escaleira de acceso á praia, no paseo marítimo que no seu día se derribara por un temporal, cando se fixeron as obras quedaron escombros ó caron de dita escaleira, o que nesta data seguen aínda alí. ROGAMOS ao goberno municipal se tomen as medidas oportunas para retirar dito escombros.

19.- ROGAMOS se proceda a adecentar a zona que é propiedade municipal situada fronte ao pazo de Grallal, na zona de Covas (onde se fai a festa).

O Sr. Alcalde dí que se retiraron os restos das obras da baranda, xa que se atopaban nunha situación lamentable e dado que o 24 de xuño son as festas de San Xoan. Igualmente, indica que nese lugar va unha zona de esparcemento.

20.- No tramo da estrada que vai a Vieiro, desde a ponte de FEVE ata A Pena, na marxe dereita, a cuneta está chea de maleza, ROGAMOS procedase á súa limpeza para evitar que cando choiva moito se desborde a auga pola estrada.

A continuación, polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, fórmulanse as seguintes preguntas sobre:



1ª) As competencias do Concello sobre o punto limpo situado en Patarroa, oas que sabe que é unha concesión con SOGAMA e que as veciños de Viveiro que estean empadroados non lle supón custo o seu uso e, non obstante, non se recollen os plásticos procedentes da actividade agraria.

O Sr. Alcalde resposta que no dito punto limpo non se recollen os plásticos agrarios debido a unha normativa que así o dispón, polo que soamente este tipo de instalacións recollen os residuos para os que se atopan habilitados.

2ª) Ao movemento de terras que se está a realizar en Sacido.

O Sr. Alcalde lle responde que o proxecto é do centro de talasoterapia e que o Vixiante de obras do Concello xa informou para que a terra retirada non se situada fora da propiedade que promove as obras, que dispoñen, di, de licencia municipal.

3ª) O problema xerado pola suciedade de residuos dos postos do mercado.

O Sr. Alcalde contesta que se está a redactar unha ordenanza, entre outros aspectos, recolle as sancións pola non limpeza e recollida do lugar de ubicación de postos do mercado.

4ª) Acceso á Atalaya de Celeiro e o muro que cómpre retranquear.

O Sr. Alcalde lle responde que por sorte a natureza solucionou o asunto, xa que a parte final do muro caeu, polo que os titulares terán que ceder ou noutro caso, haberá que recorrer á vía de expropiación.

5ª) A rúa que sube desde o paseo marítimo a Covas.

Dí, o Sr. Alcalde que xa se requiríu hai un mes, aínda que ten que dicir que o que non respecta é o que construíu o chalet e que deberá asústalo á licencia outorgada.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.